OS MIRADOIROS DE TURONIO

Desde o primeiro lustro de nosa era existía unha comarca no suroeste de Galicia que se coñecía como Turonium. A súa extensión era bastante grande e comprendía, segundo os poucos indicios existentes, as comarcas do Baixo Miño, o Val Miñor e a de Vigo.
Pénsase que a capital podería estar nos montes de Oia ou nos seus arredores, aínda que tamén hai quen di que se situaría onde hoxe temos a cidade de Tui ou no monte Aloia.
Moitos son os restos de castelos que quedaron na provincia de Pontevedra, castelos que defendían os vales e os camiños desde altos miradoiros onde se avistaba unha gran panorámica. Uns atopábanse no interior da provincia para dominar os vales e outros, en montes rochosos sobre a costa para vixiar as incursións por mar. Este é un percorrido por estes miradoiros desde os que, na actualidade, contemplamos algunhas das vistas máis fermosas das Rías Baixas e que, hai dous mil anos, eran castelos que vixiaban unha das portas de entrada do comercio máis concorridas da península ibérica.

1 Castro de Airoa, serra do Suído
Fornelos de Montes

Xunto á Airoa, na parroquia da Laxe de Fornelos de Montes, elévase unha lomba de forma piramidal ata os 653 metros sobre o nivel do mar. Desde o alto dominaremos unha fermosa vista destes vales, pero o máis significativo deste lugar é que hai máis de dous mil anos o montículo serviu de base para un poboado castrexo.

2 Miradoiro do Santo Aparecido
Pazos de Borbén

O río Borbén forma un gran val que se esconde entre a serra do Galleiro e os montes de Festín. Preto da poboación de Borbén, localízase o monte da Berra, de 499 metros. Nunha das súas ladeiras ábrese este fantástico miradoiro do Santo Aparecido.

3 Monte da Peneda-Castelo de Castrizán
Soutomaior

Este monte foi ocupado, desde tempos afastados, por diversos asentamentos, entre os que destacan un antigo castro e o castelo de Castrizán. Ademais da visión de gran parte da enseada de San Simón, divísase a entrada da ría de Vigo e boa parte das súas ribeiras, coas illas Cíes ao fondo.

4 Alto da Cabaleira
Redondela

Seguindo o trazado do Camiño de Santiago portugués ao seu paso por Redondela, chegamos a este monte coa mellor perspectiva frontal da ría de Vigo, o alto da Cabaleira, un miradoiro privilexiado desde o que se contempla toda esta ría e o val do río Verdugo.

5 Castelo de Mos
Mos

O castelo de Mos, no Galleiro, está xusto nos límites dos concellos de Mos e Ponteareas. Vixiaba os posibles ataques procedentes do interior. Moitos montes onde se poden atopar restos de fortalezas ou castros tamén servían para dar acubillo aos habitantes das zonas de influencia fronte aos invasores.

6 Faro de Budiño
O Porriño

A súa situación estratéxica serviu para que este enclave estívese habitado desde tempos remotos. Desde a Baixa Idade Media, pasando polas guerras feudais ata chegar á invasión francesa, o lugar foi punto decisivo e de gran valor para a comarca.

7 Auga da Laxe, O Galiñeiro
Gondomar

O petróglifo da Auga da Laxe, coñecido polos vellos como a Pedra das Procesións, conta con representacións de 26 armas prehistóricas esculpidas. Este impresionante conxunto de petróglifos sitúase a poucos metros dos maxestosos penedos do monte Galiñeiro que, xunto ao monte Aloia e á fortaleza do Faro de Budiño, vixiaban a corredoira desde o Miño ata o interior da provincia da Coruña.

8 Monte do Castro
Nigrán

Na parroquia de Chandebrito, no concello de Nigrán, sitúase, a 331,7 metros sobre o nivel do mar, o chamado monte do Castro, tamén coñecido como monte das Cruces. Aínda que na actualidade é un gran miradoiro á ría de Vigo, estamos ante un dos castros máis antigos de Galicia.

9 O Cortelliño, serra da Groba
Baiona

Situado no camiño do alto da Groba, desde alí podemos contemplar a boca da ría de Vigo cunha perspectiva diferente das illas Cíes. Ademais desta paisaxe, a Groba é coñecida por outros aspectos da vida e da arte, xa que posúe unha das concentracións de rocas gravadas máis numerosa de Galicia.

10 A Pedreira
Oia

Oia dispón de centos de achados arqueolóxicos entre castros, castelos e petróglifos, algúns destes entre os máis singulares de Europa. Moitos investigadores afirman que os seus montes, pola súa situación determinante entre a costa e o interior, constituían o gran conxunto defensivo de Turonio e do comercio marítimo da zona. O espazo arqueolóxico da Pedreira poderíamos definilo como un miradoiro-santuario.

11 Monte Santa Trega
A Guarda

Estamos ante un miradoiro natural ao esteiro e á desembocadura do Miño, Portugal, o val e o océano Atlántico. Esta excepcional localización, ao pé do mar e da foz do Miño, fixo prosperar o castro de Santa Trega, un dos máis habitados de Galicia e datado, polo menos, desde o s. IV a. C.

12 Niño do Corvo, miradoiro de Cabezo Gordo
O Rosal

Nos límites dos concellos do Rosal e de Tomiño localízase unha serie de pequenas montañas a unha altura duns 300 metros, a serra do Argallo. Trátase dun lugar privilexiado para observar marabillosas vistas e unha panorámica sorprendente. Un destes montes chámase Niño do Corvo e cara ao sur atópase o Cabezo Gordo.

13 Monte Tetón
Tomiño

Este monte divide os concellos de Tomiño, Tui e Gondomar. A súa cima elévase ata os 474 metros e desde ela divísase boa parte do Val Miñor e do Baixo Miño. As súas ladeiras albergan uns dos conxuntos de petróglifos máis significativos e importantes do suroeste de Galicia.

14 Monte Aloia
Tui

Este parque non é só patrimonio natural, senón que tamén contén un magnífico patrimonio histórico e cultural. A pegada do ser humano atópase neste lugar desde hai 20000 anos e déixanos importantes achados e restos arqueolóxicos, como o castro do Alto dos Cubos ou os restos do alto de San Xiao, así como da enigmática muralla ciclópea que rodeaba este cumio.

AS PEDRAS QUE FALAN

As pedras, a través dos seus nomes, poden falarnos de feitos históricos e culturais, do modo de ser e sentir, das súas crenzas e do seu modo de vivir e interpretar o mundo que o rodea ao longo da súa historia.
Galicia está chea de moles graníticas con formas caprichosas, modeladas pola natureza unhas, e outras con historias, cultos e ritos que propiciaron que os nosos antepasados as bautizasen con nomes que responden a motivacións de todo tipo, desde as características físicas, o estado en que se atopan, as súas propiedades, a súa funcionalidade ou polo simple afán de buscar unha explicación racional a algo que eles consideraban sobrenatural. As pedras en Galicia teñen vida e falan, falan dunha realidade que non está escrita, que non está documentada, tan só está pronunciada.

1 Coto dos Ladróns, serra do Suído
Fornelos de Montes

O outeiro en cuestión destaca polos abundantes afloramentos, en forma de grandes bolos graníticos, entre os que hai un espazo central aberto e rodeado por abrigos naturais. Antigamente, os ladróns escondían o botín durante o día que, segundo as testemuñas, consistía basicamente en gando roubado.

2 Pedra Catanga, monte Galleiro
Pazos de Borbén

O monte Galleiro sobresae como a zona máis alta do municipio e forma unha liña de cumes ao longo de dez quilómetros. Este é hoxe o reino de animais en liberdade, aves rapaces e outras moitas especies. Tamén é un balcón ás máis extraordinarias vistas da ría de Vigo e a estrañas formas pétreas, como a Pedra Catanga, que ten música e cura a infertilidade, segundo a lenda.

3 Os afloramentos do Verdugo
Soutomaior

A escasa distancia da ponte medieval de Comboa, atópase un enclave espectacular: a ponte colgante onde se xuntan os ríos Verdugo e Oitaven. Este tramo é navegable, pero o río Verdugo ofrece afloramentos de pedra que con preamar quedan cubertos e poden ser perigosos para as embarcacións: a Pedra do Demo e a Pedra do Rufo son exemplos de topónimos que xorden da sabedoría popular.

4 A Pedra que Fala, San Martiño de Ventosela
Redondela

Considerada como máxica, a súa forma e o seu relevo permiten introducirse dentro e falar no seu interior, e escoitar as múltiples reverberacións que produce a nosa voz. Mesmo estando preto dela é capaz de reproducir as conversas de quen fala ao seu lado. Esta pedra está dentro dunha andaina circular de 10 km chamada Ruta das Pedras.

5 Campo de Mámoas e Pedra Cabaleira
Mos

Unha pedra cabaleira é unha roca granítica de tamaño grande que se apoia no chan ou sobre outra, cunha base estreita que lle dá un certo aire de inestabilidade. A súa orixe débese á descomposición diferencial e posterior erosión do granito. Esta pedra atópase no mesmo sendeiro que o Campo de Mámoas de Mos.

6 O Catabún, Faro de Budiño
O Porriño

Nunha das cavidades situadas no máis alto do Faro de Budiño, atópase un gran pedra vertical no medio que, supostamente, servía para golpear as paredes da brecha e así crear un son grave, a modo de campá, que se escoitase en gran parte do Val do Louro. Esta pedra coñécese como O Catabún. Outras lendas din que a brecha deixaba pasar o aire e, cando era moi forte, emitía un estrondoso son que se sentía ata en Tui.

7 Castro da Pedra Moura
Gondomar

O seu nome débese a unha pedra que se atopa no seu interior, coñecida como Pedra Moura, á que se lle asocian lendas que falan de seres mitolóxicos e tesouros escondidos. Este castro e, tamén, fortaleza formaba parte do conxunto de atalaias, como o desaparecido castelo de Santa Helena, o monte Galiñeiro cos seus restos fortificados, o monte Aloia etc.

8 Punta da Serra, Monteferro
Nigrán

A costa sur da península de Monteferro componse de rocas graníticas, mentres que no seu lado norte o xisto é a roca máis presente. A erosión nestas últimas presenta formas dentadas e afiadas. Trátase dun pequeno entrante de terra no mar, de 19 metros de altura, e desde onde poderemos observar con detalle a costa norte de Monteferro ata a punta Lameda.

9 A Pedra que Bole, cabo Silleiro
Baiona

Está nun tramo de costa que se caracteriza polo seu trazado rectilíneo ata A Guarda, con tan só pequenos entrantes. En toda esta zona ten grande importancia o desenvolvemento de plataformas litorais que actualmente funcionan como acantilados activos e son museos xeolóxicos. A continua actividade mariñeira nestes lugares achegou unha gran cantidade de topónimos, con referencias sonoras significativas.

10 A Cabeciña
Oia

Os petróglifos da Cabeciña áchanse no exterior do mesmo castro, nunhas laxas graníticas que presentan algunhas particularidades, pois hai varias rocas que posúen formas zoomorfas debido á erosión. Entre todas elas destaca unha que se asemella a unha gran cabeza e, xusto detrás dela, sitúanse os gravados sobre dúas laxas.

11 O Seixal
A Guarda

Na senda litoral que une o porto pesqueiro e a desembocadura do Miño localízase O Seixal, un fermoso espazo natural onde se concentran os seixos ou cantos rodados de tamaño pequeno que se foron formando pola erosión da forza do mar e, desde sempre, foron empregados para a arquitectura tradicional. A poucos metros hai unha salina romana de gran relevancia que amosa a vinculación do mar cos habitantes da Guarda ao longo dos séculos.

12 Monte Real
O Rosal

No monte Real sitúase a ermida da Madalena, un pequeno templo que nos recibe cunhas impresionantes vistas ao Miño. Da arquitectura da igrexa destaca especialmente a súa base, construída directamente sobre a roca, unha característica excepcional que podería indicar un culto pagán anterior. A capeliña atópase na coroa dun castro que se asenta, como é habitual neste tipo de recintos da Idade de Ferro, nunha zona de importante control visual do territorio.

13 Pedra Furada
Tomiño

En plena serra do Argallo, moi preto do santuario de San Campio de Lonxe, existe un conxunto de rocas que adoptan as formas máis inverosímiles. A Pedra Furada é unha roca perforada pola acción do vento e a choiva ao longo de milleiros de anos. A zona na que nos atopamos forma parte da banda de xisto de Monteferro-O Rosal que se prolonga ata Portugal.

14 Cama de San Xiao, monte Aloia
Tui

Roca situada no cumio do monte Aloia, en Tui, preto da ermida dedicada ao mesmo santo. Chámase Cama de san Xulián, ou Xiao, porque se asegura que foi sobre esta pedra onde repousou o corpo sen vida do devandito santo. Quen se deite sobre ela apoiando a cabeza remedia enfermidades, como as xaquecas e as dores nas cervicais.

PEDRA EN SECO; PATRIMONIO DA HUMANIDADE

A técnica tradicional da construción coa pedra en seco (sen masa de unión ou asentamento) conforma, sen dúbida, un dos exemplos de técnicas e usos máis relevantes das formas de vida tradicional e a relación das comunidades co medio para a creación da súa paisaxe.
O coñecemento do material, o desenvolvemento dos procesos axeitados para a súa selección e transporte e a habilidade para a construción de estruturas estables e permanentes posúen unhas características propias e recoñecibles, ademais dunha beleza estética propia.
A Unesco inscribe esta práctica na Lista Representativa de Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade en 2018, coa denominación "Coñecementos e técnicas da arte de construír muros en pedra seca", que afecta territorialmente a Croacia, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Eslovenia, España e Suíza.
O turismo pode axudar a darlles máis visibilidade ás construcións feitas con pedra seca, xa sexa nas numerosas estruturas viarias ou de cultivo que temos en Galicia realizadas con esta técnica ou na presenza dunha gran cantidade de conxuntos etnográficos dentro da nosa arquitectura popular.

1 Os Chozos
Fornelos de Montes

A serra do Suído conserva diseminadas moitas mostras de arquitectura popular dedicadas ao pastoreo. Estas construcións tan singulares pódense remontar á Idade Media. A distancia que estes pastores percorrían facíalles pasar longas tempadas lonxe de seus fogares, razón pola que, para protexerse do mal tempo, ergueron estas vivendas.

2 Foxo dos Lobos
Pazos de Borbén

Esta arquitectura estaba composta por dous muros de grandes dimensións con forma de uve que converxe nun punto onde existe un burato moi fondo no chan. A antigüidade desta construción non está determinada. O que si se sabe é que deixou de utilizarse aproximadamente a finais do século XIX.

3 Senda de Aranza
Soutomaior

Corredoiras, terrazas, bancais, muros de pedra e outros elementos etnográficos deixan imaxinar a actividade que nalgún tempo acolleron estas terras do río Oitavén, que presenta certas similitudes coas ladeiras da viticultura heroica da Ribeira Sacra. Unha fermosa paisaxe modificada coa sutil e delicada técnica da pedra seca.

4 Camiño da Franqueira
Redondela

O camiño desde Redondela ata o santuario da Franqueira amosa exemplos de arquitectura con pedra seca e conta con numerosos elementos construtivos, como muros, pasadoiros, lousas, muíños, cortellos e outros elementos etnográficos.

5 Muíños de Mos
Mos

Atópanse encravados en lugares de gran beleza natural, en zonas de relativo illamento, debido á separación dos núcleos de poboación, polo que os numerosos camiños que os unen tamén forman parte do conxunto da pedra en seco. Natureza, auga e pedra en perfecto equilibrio e integración.

6 A vila dos muíños
O Porriño

A importancia desta actividade na vila levou á vila porriñesa a converterse historicamente nun centro de distribución de pan. Podemos destacar os muíños da Rifana e do Castro, en Atios; o muíño de Fuxán, en Cans; os muíños do Caeiro do Penedo, do Crego, San Diego e do Folón, en Mosende; e moitos outros que reciben augas das baixantes do Galiñeiro, da Pedreira, dos montes de Cans ou de Atios.

7 Barrio da Pedra, Morgadáns
Gondomar

Morgadáns pertence ao concello de Gondomar. O seu núcleo principal está considerado como un dos máis antigos da vila e foi declarado como barrio protexido. Nel atópanse numerosos elementos de construción, entre os que destaca o pavimento da igrexa parroquial de Santiago de Morgadáns.

8 Fontes, lavadoiros e enxeñería da auga
Nigrán

Foron elementos esenciais para os fogares e puntos de encontro veciñal, que perderon actividade social co paso do tempo. Agora representan verdadeiras xoias de cantería e constitúen un gran tesouro etnográfico. Tamén son de grande importancia as canalizacións que levan a auga ata as fontes, os lavadoiros e os muíños, como, por exemplo, os muíños de Chandebrito, o do río Táboas e do río Muíños.

9 Camiño Real
Baiona

Era un camiño real, quizais, un itinerario romano, dada a orixe das dúas poboacións. Muros, pontes, pasadoiros, fontes, pavimentos e outros elementos etnográficos, ademais das construcións máis recoñecibles, como templos e edificios civís, son o sinal de identidade destes itinerarios que mesturan grandes construcións de cantería con outras obras modestas de arquitectura popular en pedra seca.

10 Os Puxeiros
Oia

Con este nome coñécense nalgunhas partes das Rías Baixas os muros para gando que permanece durante longas tempadas nas montañas. Trátase de construcións artesanais, realizadas a partir da técnica da pedra en seco, que, na actualidade, pasaron ao imaxinario popular porque dan lugar a diferentes topónimos e nomes como, por exemplo, o do Curro dos Puxeiros, o que foi o maior curro da serra da Groba.

11 Camiño do Aloque
A Guarda

A Guarda é o primeiro concello galego do Camiño Portugués da Costa. Nos seus 9 km de percorrido destacan varios carreiros, un dos máis primitivos, o camiño do Aloque, que conserva o seu antigo empedrado, un lavadoiro e unha fonte. Ten séculos de historia, xa que era o único itinerario que unía a parroquia de Camposancos coa vila da Guarda. Parte do barrio de Saa para continuar polas sendas da ladeira do monte de Santa Trega.

12 Muíños do Folón e do Picón
O Rosal

Son un grupo de 60 muíños en fervenza, valorados como a obra máis importante da arquitectura popular galega construída coa técnica da pedra en seco e recoñecidos como un dos conxuntos máis importantes de toda Europa. Os primeiros muíños conservados datan dos séculos XVIII e XIX.

13 Muíños e pontes do barrio da Pedra
Tomiño

Na área de lecer do barrio da Pedra atopamos algúns deles, ou no curso alto do río, ao seu paso polo val de Tebra. Desde sempre, os veciños asumiron as obras de pequenas pontes en vías ou camiños secundarios, o que orixinou unhas singulares construcións feitas cos coñecementos da sabedoría popular.

14 Muíños de Tripes
Tui

Dentro do Parque Natural do Monte Aloia discorre o río que nace no alto de San Xiao e pasa sobre un val pola aldea de Frinxo. Alí atoparemos un camiño ancho e empedrado para o tránsito dos carros que nos conducirá a unha viaxe no tempo con muíños e casas de case 200 anos de antigüidade.